

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN INTERSECTORIAL E INTERTERRITORIAL DE AUTÓNOMOS E PEQUENAS EMPRESAS DE GALICIA (APE GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ADAPTA LOCAL

MEMORIA

Ao abeiro do establecido no artigo 4.f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre Convenios de Cooperación con outros entes públicos e de Colaboración con particulares (DOG de 30 de abril de 1991), expóñense os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e APE Galicia para desenvolvemento do programa ADAPTA LOCAL.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior atribúe á nosa comunidade autónoma o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia de acordo co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e promoción do sector comercial retalista.

Galicia presenta unha riqueza que merece ser preservada, tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, potenciando a competitividade, a dinamización e a estrutura dos establecementos comerciais e procurando o equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos.

A situación do pequeno comercio polo miúdo, que é un dos principais motores da nosa economía, incide de forma importante no desenvolvemento económico e social global, así como na mellora do estado de benestar e das condicións de vida de toda a cidadanía. Ademais, o comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo.

Por isto, é importante que todas as administracións públicas contribúan con todos os recursos necesarios á mellora e ao desenvolvemento do sector comercial para acadar a súa plena



competitividade no mercado. Deste xeito, o comercio retalista poderá afrontar os retos e superar os obstáculos que se lle presentan habitualmente e que dificultan a súa continuidade, mantendo a súa posición como motor das economías locais e rexionais e o seu papel xerador de riqueza, cohesión social, emprego e calidade no sector terciario.

O sector do comercio é una parte esencial do noso sistema produtivo. Na actualidade, este sector está sometido a un profundo proceso de transformación vinculado ás novas tecnoloxías e á transformación dixital e sostible. Por isto, é preciso poñer en marcha unha serie de medidas para impulsar a formación nunha xestión integral que permita combinar a venda física coa venda en liña e a distancia para evitar unha perda de competitividade.

Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia, a competitividade e a modernidade do comercio galego, neste caso, por medio do programa formativo ADAPTA LOCAL, promovido por APE Galicia.

Os obxectivos principais do programa ADAPTA LOCAL concréntanse en tres aspectos, ofrecer unha formación, un asesoramento e unha mentoría personalizados, ao persoal do comercio local e rural de Galicia, para mellorar a competitividade dos comercios en áreas como e-commerce, marketing dixital, xestión de vendas e sustentabilidade.

Este programa persegue, ademais, defender os intereses comúns dos establecementos comerciais locais e facilitar a autoxestión diaria das persoas comerciantes, pondo a súa disposición, a formación e información necesarias para consolidar o comercio local como un comercio de confianza, proximidade e calidade.

Neste sentido o programa 751A que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas por APE Galicia, a través do programa ADAPTA LOCAL, para colaborar no desenvolvemento dun plan formativo dirixido a mellorar e impulsar a implantación da dixitalización, das novas técnicas de venda e a innovación do comercio local e rural de Galicia. Así mesmo pretende motivar ao pequeno empresario galego a adaptar o negocio aos novos tempos mediante ferramentas que coiden o comercio de proximidade e fomentar a rendabilidade e a eficiencia do negocio para que chegue a un público mais amplo.

No orzamento de gastos para o exercicio 2024 inclúese a aplicación 44.06.751A.781.3 "Formación en materia comercial", coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais". De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

O programa ADAPTA LOCAL considerase de grande interese xa que contribuirá a fomentar a competitividade e a modernidade do comercio local galego mediante en áreas como e-commerce,



marketing dixital, xestión de vendas e sustentabilidade. En definitiva permitirá que trala formación, asesoramento e mentoría personalizada, os/as comerciantes poidan dar resposta as esixentes demandas das persoas consumidoras e consolidar o comercio local como un comercio de confianza, proximidade e calidade.

Outro beneficio deste programa é concienciar e motivar, mediante a formación, as novas xeracións de comerciantes para adaptarse as novas técnicas de venda e así captar a clientela xove.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular.

O presente convenio axústase ao disposto nos artigos 47.1 e 50.1 da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativos aos tipos de convenios e trámites necesarios para a súa formalización, así como ao disposto no artigo 6 Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, relativo a natureza non contractual, xa que as partes interviñestes non teñen vocación de mercado, a súa finalidade é garantir a prestación dun servizo público e a súa colaboración persegue unicamente o interese xeral.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a celebración dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Asociación intersectorial e interterritorial de autónomos e pequenas empresas de Galicia (APE Galicia) para o desenvolvemento do programa ADAPTA LOCAL.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a financiar o 100 % do investimento e achegará a cantidade de setenta e dous mil seiscientos euros (72.600,00 €), IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 44.06.751A.781.3, proxecto de investimento 2015/00254, modalidade de financiamento 1010, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das actuacións de formación para o desenvolvemento do programa ADAPTA LOCAL de fomento do comercio local e rural de Galicia que se especifican neste convenio, sempre que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de xustificación establecida no presente convenio, que é o 13 de decembro de 2024. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

